

A LIBERALIZACIÓN DO MERCADO ELÉCTRICO



Guía de compra de enerxía eléctrica para P E M E S



XUNTA DE GALICIA



Comisión
Nacional
de Energía

índice

Guía do Consumidor Cualificado de Enerxía Eléctrica

1.0 Introducción.

2.0 Novo marco regulador.

2.1 Principios fundamentais.

2.2 Órganos de xestión.

2.3 Órganos de regulación.

3.0 Liberalización e consumidores cualificados.

3.1 Quen se pode beneficiar da liberalización?

3.2 Quen son consumidores cualificados.

4.0 Como pode comprar electricidade un consumidor cualificado?

4.1 Que sucede a partir do 1 de xullo se un consumidor subministrado por un distribuidor non optou por escoller unha empresa comercializadora?

4.2 Que sucede se provisionalmente un consumidor queda sen contrato?

4.3 Que é necesario analizar antes de decidir a mellor alternativa?

4.4 Con que empresas se pode contratar subministro?

5.0 Como se estrutura a factura de electricidade?

5.1 Prezo do uso das redes eléctricas (tarifas de acceso).

5.1.1 Cales son as tarifas de acceso?

5.1.2 Cales son os períodos horarios de cada tarifa de acceso?

5.1.3 Que potencia contratar?

5.1.4 Como se calcula o termo de potencia da tarifa de acceso?

5.1.5 Como se calcula o termo de enerxía da tarifa de acceso?

5.1.6 Como se calcula a penalización por consumo de enerxía reactiva e como se pode corrixir?

5.2 Prezo da enerxía.

5.3 Outros conceptos.

6.0 A calidade do servizo.

6.1 Variará a calidade do servizo se se cambia de subministrador?

6.2 Consecuencias do incumprimento da calidade do servizo.

7.0 Equipos de medida para a compra de enerxía no mercado.

8.0 Solución de problemas relacionados co subministro eléctrico.

9.0 Organismos onde ampliar información.

Anexo I Lexislación relacionada coa liberalización do sector eléctrico.

Anexo II Listado de comercializadores publicado pola CNE.

Anexo III Modalidades de contratación da enerxía no Mercado Ibérico de Electricidade(MIBEL).




1.0

Introducción

En xaneiro de 1998 púxose en marcha o proceso de liberalización do sistema eléctrico español. Dende o punto de vista legal baséase na Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico e supón unha transformación fundamental nas condicións e regras de funcionamento do Sistema Eléctrico.

Dita Lei inclúe unha serie de medidas que teñen como obxectivo principal introducir no sector criterios de liberalización e competencia, coa finalidade de conseguir calidade do servizo e prezos eléctricos competitivos.

Tendo en conta como é o proceso físico de xeración-consumo de electricidade, a Lei 54/1997 divide o sector eléctrico en catro actividades: xeración, transporte, distribución e consumo.



XERACIÓN



TRANSPORTE



DISTRIBUCIÓN



CONSUMO

Nas actividades de transporte e distribución a competencia significaría duplicar liñas e infraestruturas eléctricas, o que non é económica nin ambientalmente razoable. Por iso a rede de transporte e a de distribución teñen un titular único en cada zona, pero a propiedade das redes non garante o seu uso exclusivo, polo que a Lei incorpora a competencia regulando o acceso de terceiros a uns prezos fixados pola Administración.

As actividades de xeración e consumo liberalízanse tal e como se detalla no seguinte apartado.

A Lei 17/2007, de 4 de xullo, que modifica a Lei 54/1997 do Sector Eléctrico para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, supón a culminación do proceso de liberalización do sector ao suprimir o sistema tarifario integral.

2.0

Novo marco regulador

2.1 Principios fundamentais

Os principios fundamentais da regulación do sistema eléctrico son:

Liberdade de construción de novas centrais de produción de electricidade.

Con anterioridade á Lei 54/1997, de 27 de novembro, as únicas centrais eléctricas de dimensión significativa que se podían instalar en España eran as que estaban incluídas nos Plans Enerxéticos Nacionais (PEN).

A partir da Lei do Sector Eléctrico, pola contra, calquera empresa pode construír novas centrais eléctricas, do tipo, potencia e localización que considere máis convenientes, sen outras condicións que as que a lexislación española establece, de maneira xeral, para a posta en marcha de calquera outra instalación industrial.

Creación do mercado da electricidade.

As empresas produtoras en réxime ordinario deben comunicar diariamente as condicións de cantidade e prezo ás que están dispostas a vender a electricidade en cada unha das 24 horas do día seguinte, tamén teñen esa obriga algúns produtores en réxime especial.

Con este sistema os xeradores deben ofrecer a súa enerxía ao menor prezo posible, a fin de asegurarse que as súas centrais sexan seleccionadas para funcionar. Este sistema supón un incentivo para reducir o prezo da electricidade e a implantación de tecnoloxías eficientes na xeración.

Liberdade de comercialización da electricidade.

Créase un novo tipo de empresas eléctricas chamadas “comercializadoras”, que teñen como función principal facilitar o dereito de elección de subministrador por parte dos consumidores e incrementar a competencia entre as empresas subministradoras.

Liberdade de acceso ás redes de transporte e distribución de electricidade.

Todos os axentes que operan no sistema eléctrico español poden acceder libremente ás redes de transporte e distribución de electricidade mediante o pago dunha peaxe establecida pola Administración.

Os consumidores poden escoller o comercializador que desexen e acordar con el as condicións e o prezo do kWh.

Un dos principios básicos do sistema é o recoñecemento do dereito dos consumidores a elixir o subministrador que lles pareza máis conveniente e acordar con el libremente o prezo e demais condicións de contratación do servizo. Dende o 1 de xaneiro de 2003 todos os consumidores poden elixir o subministrador que desexen. A partir do 1 de xullo de 2009, extingúense as tarifas integrais (RD 485/2009, de 3 de abril) polo que todos os consumidores pasan ao mercado liberalizado. Os consumidores conectados en baixa tensión cunha potencia contratada inferior ou igual a 10 kW poderán acollerse ás tarifas de último recurso (TUR) cuxos prezos son fixados polo Goberno do Estado. O resto de consumidores obrigatoriamente terán que negociar as condicións de contrato coas empresas comercializadoras.

A diferenza fundamental entre as tarifas integrais e as TUR é que as primeiras eran xestionadas polas empresas distribuidoras da zona, sen posibilidade de cambio de subministrador, mentres que nas TUR, a distribuidora segue operando as instalacións, lendo os contadores e proporcionando o servizo de emerxencias 24 horas, pero a actividade comercial pódese contratar libremente con calquera das comercializadoras de último recurso, que ademais son independentes da empresa distribuidora.

2.2 Órganos de xestión

Para que o sistema funcione correctamente e se manteñan unhas condicións adecuadas de liberdade e competencia, a Lei do Sector eléctrico creou dous novos organismos: o Operador do Mercado e o Operador do Sistema.

O Operador do Mercado é unha sociedade mercantil na que, a fin de garantir a súa neutralidade e independencia, ningún accionista pode superar o 5% do capital social.

É responsable da **casación entre as ofertas e as demandas**. Recibe as ofertas de venda de enerxía que formulan para cada hora do día seguinte as unidades de xeración que operan no sistema e as demandas de enerxía que realizan ao sistema os consumidores cualificados e os demais axentes autorizados para facelas.

A partir desta información, o Operador do Mercado selecciona para cada hora a entrada en funcionamento das unidades de xeración, empezando polas que comunicaran as ofertas de enerxía máis baratas, ata cubrir a totalidade da demanda. Así mesmo, determina o prezo final resultante de dita casación e informa aos distintos axentes das liquidacións de cobros e pagos que teñen que facerse entre eles.

O Operador do Sistema, cuxas funcións foron encomendadas pola Lei a Red Eléctrica de España (REE), é o responsable de garantir a correcta **coordinación do sistema de produción e transporte de electricidade**, co obxectivo de asegurar a continuidade e a seguridade na subministración de enerxía. Entre as súas funcións destaca a programación técnica do funcionamento das instalacións de produción de electricidade a partir das casacións de ofertas e demandas de enerxía realizadas polo Operador do Mercado.

A Lei 17/2007, de 4 de xullo, crea a **Oficina de Cambios de Subministrador**. Trátase dunha sociedade mercantil participada polas empresas distribuidoras e comercializadoras tanto de enerxía eléctrica como de gas natural. As súas funcións máis destacadas son:- Supervisión dos cambios de subministrador.

- Envío dunha memoria de actividades anual ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía.

2.3 Órganos de regulación

O Ministerio de Industria Turismo e Comercio é o máximo responsable en materia de regulación do Sistema Eléctrico. Entre as responsabilidades que a Lei lle encomenda, destacan:

- Establecer a regulación básica das actividades eléctricas.
- Regular a organización e funcionamento do mercado de produción de electricidade e os mercados que se poidan derivar del.
- Fixar as tarifas eléctricas de último recurso, as peaxes polo uso das redes e regular a estrutura dos prezos eléctricos.
- Establecer os requisitos mínimos de calidade e seguridade do Sistema.

A **Comisión Nacional de Enerxía (CNE)** é o organismo encargado de velar pola competencia efectiva no sistema e pola súa obxectividade e transparencia, en beneficio de todos os suxeitos que operan nel e dos consumidores.

A CNE ten encomendadas, entre outras, as seguintes funcións:

- É órgano consultivo da Administración en materia eléctrica.
- É órgano arbitral na resolución de conflitos que poidan xurdir entre os axentes do sistema.
- Vela para que as actividades eléctricas se leven a cabo en réxime de libre competencia.
- Inspecciona as condicións técnicas das instalacións, as económicas e a separación de actividades.
- Participa na elaboración de normas ou proxectos.
- Informa sobre diversos aspectos en relación co funcionamento do novo sistema, fai propostas para melloralo e inicia ou informa expedientes sancionadores.

As **Comunidades Autónomas** encárganse do desenvolvemento regulamentario da Lei, da inspección das instalacións eléctricas, da promoción das instalacións de coxeración e enerxías renovables e dos plans de aforro e eficiencia enerxética no seu ámbito territorial.

3.0

Liberalización e consumidores cualificados

3.1 Quen se pode beneficiar da liberalización?

Os consumidores son os principais beneficiarios do proceso de liberalización, xa que poden elixir libremente o comercializador co que poden pactar o prezo do subministro. Os consumidores

de baixa tensión e potencia contratada menor ou igual a 10 kW, que son os máis vulnerables, xa que teñen menor poder de negociación, poden continuar no réxime de prezos fixados pola Administración (tarifas de último recurso).

A liberalización permitiu que durante o período de coexistencia coas tarifas reguladas, algúns consumidores conseguiran rebaixas (5-20%) no prezo da electricidade con respecto ás tarifas reguladas, ao adaptar os seus contratos ás características do consumo da súa empresa. O actual sistema permite que sexa a competencia do mercado a que estableza os custos da enerxía.

3.2 Quen son consumidores cualificados?

De acordo co establecido na Lei 54/1997 do Sector Eléctrico, e a súa posterior normativa de desenvolvemento, os consumidores con dereito de acceso ao mercado liberalizado foron aumentando de xeito progresivo dende o 1 de xaneiro de 1998.


O Real decreto Lei 6/2000, do 23 de xuño (Artigo 19) estableceu que dende o 1 de xaneiro de 2003, todos os consumidores son cualificados, o que significa que poden negociar as súas condicións de subministro con calquera comercializadora.

Recentemente, mediante o Real decreto 485/2009, de 3 de abril, extínguense as tarifas integrais a partir do 1 de xullo de 2009, polo que todos os consumidores, sen excepción, pasan a ser considerados como consumidores no mercado liberalizado.

4.0

Como compra electricidade o consumidor?

Para comprar enerxía eléctrica, os consumidores teñen as seguintes opcións:



1. Se o subministro é en baixa tensión e con potencia menor ou igual a 10 kW.

Os consumidores poderán acollerse ás tarifas de último recurso (TUR) cuxos prezos son fixados polo Goberno. As TUR xestiónanlas unicamente as Comercializadoras de Último Recurso. No Anexo II inclúese un listado cos enderezos destas empresas.

A posta en marcha das tarifas de último recurso regúlase mediante o Real decreto 485/2009, do 3 de abril, e xorden para protexer aos consumidores que non ven atractivas as condicións do mercado libre e prefiren seguir pagando a electricidade a un prezo fixado polo Goberno.

Os Comercializadores de Último Recurso teñen a obriga de atender todas as solicitudes de subministro de enerxía eléctrica daqueles consumidores que teñan dereito a acollerse á tarifa de último recurso nas condicións reguladas por Lei. Non obstante, debe entenderse que a todos os efectos os consumidores acollidos á tarifa de último recurso son consumidores no mercado liberalizado (artigo 5.1. do Real decreto 485/2009), polo que tamén teñen o dereito de elixir a opción 2 do presente apartado.


É importante diferenciar a figura da empresa distribuidora, que é a propietaria das redes e a que fisicamente fai chegar a enerxía ao punto de subministro, da figura da empresa comercializadora, que é a que vende a electricidade. A primeira non se pode escoller, xa que en cada zona xeográfica hai unha única posibilidade; a segunda pódese elixir libremente, incluso no caso de acollerse á TUR, poderase escoller entre calquera das Comercializadoras que presten este servizo.

2. Se a potencia é superior a 10 kW.

Os consumidores terán que optar obrigatoriamente por contratar o subministro de electricidade a un prezo pactado libremente cun comercializador, cun produtor, cun autoprodutor ou cun axente externo, ou ben acudir directamente ao mercado como se recolle no seguinte apartado.

No Anexo II deste documento inclúese o “Listado de comercializadores” publicado pola CNE na páxina web www.cne.es, en virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, actualizado o 14 de maio de 2009. Neste listado inclúese un teléfono de atención ao cliente así como a dirección da páxina web de cada empresa comercializadora.

No seguinte gráfico diferénciase entre o fluxo da electricidade e o do diñeiro no mercado liberalizado.



3. Para grandes consumidores unha opción adicional sería comprar enerxía no mercado eléctrico a prezo de mercado.

Esta opción só se recomenda para grandes consumidores de enerxía eléctrica, pois para iso o consumidor debe facerse axente do mercado e cumprir as súas regras de funcionamento. No Anexo III desta guía recóllese un breve resumo das distintas modalidades de contratación dispoñibles no Mercado Ibérico de Electricidade (MIBEL). Para unha información completa desta alternativa recoméndase consultar a web do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía. Polo Español, S.A. www.omel.es

4.1 Que sucede a partir do 1 de xullo de 2009 se un consumidor subministrado por un distribuidor non optou por elixir unha empresa comercializadora?

A partir da citada data, os consumidores subministrados por un distribuidor que non optaran por elixir unha empresa comercializadora pasarán a ser subministrados polo comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial da empresa distribuidora da súa zona. Ademais, as empresas distribuidoras deberán comunicar aos seus clientes, antes do 15 de xuño de 2009, a empresa comercializadora á que serán traspasados se non optaron por outro comercializador.

Unha vez traspasados cabe distinguir dúas situacións:

Os consumidores con dereito a acollerse ás tarifas de último recurso, poderán seguir acollidos a esta tarifa por tempo indefinido.

Os consumidores sen dereito a acollerse ás tarifas de último recurso, segundo o artigo 21 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, serán subministrados durante un prazo máximo de seis meses polo comercializador de último recurso que lles corresponda. O prezo que deberán pagar estes clientes pola electricidade será o correspondente á aplicación da facturación da tarifa de último recurso, sen aplicación da modalidade de discriminación horaria, incrementando os seus termos nun 20 por cento. Non obstante, na Disposición transitoria cuarta establécese un réxime transitorio aplicable a estes prezos ata o 1 de abril de 2010.

4.2 Que sucede se provisionalmente un consumidor queda sen contrato de compra de enerxía e quere seguir consumindo electricidade?

O Real decreto 485/2009, do 3 de abril, establece que o comercializador de último recurso pertencente ao grupo empresarial propietario da rede nunha zona de distribución deberá atender transitoriamente aos clientes que carezan dun contrato de subministro en vigor.

O prezo que deberán pagar estes clientes pola electricidade consumida durante o período que carezan de contrato en vigor será fixado por orde do Ministro de Industria, Turismo y Comercio. Este prezo evolucionará no tempo de forma que incentive a sinatura do correspondente contrato. O comercializador de último recurso quedará exceptuado desta obriga cando o contrato de subministro ou de acceso previo fora rescindido por non pagamento.


Nestes casos, o distribuidor aplicará a estes consumidores o disposto no artigo 86.2 do Real decreto 1955/2000, onde se regula a suspensión do subministro a consumidores cualificados.

4.3 Que é necesario analizar antes de decidir a mellor alternativa?

Antes de solicitar oferta a un comercializador, débense coñecer as características actuais do subministro, nivel de consumo anual, necesidades de potencia e tensión da subministración e a distribución temporal do consumo. Neste aspecto canto máis se poida desagregar o consumo (canto máis se poida prever a demanda ao longo do día e do ano), máis axustada será a determinación do prezo que poida ofrecer o comercializador.

A continuación, coas características do subministro débense solicitar ofertas a distintos comercializadores e comparar o prezo resultante. Evidentemente, existen outros factores distintos do prezo, a considerar no servizo eléctrico proporcionado por un subministrador: atención comercial, asesoramento, formas de pago, outros servizos, etc. Pero en ningún caso entra en xogo **a calidade do subministro, que será garantida polo distribuidor habitual.**

Exemplo: Variación do consumo dunha empresa (Curva de carga)



4.4 Con que empresas se pode contratar a subministración?

As empresas comercializadoras de enerxía deben estar autorizadas e inscritas no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados e Axentes Externos “sección 2ª Comercializadores” do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. Para coñecer a lista de empresas coas que se pode contratar a subministración de enerxía eléctrica pódense dirixir á páxina web do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio: www.mityc.es, no apartado “Distribuidores, comercializadores e consumidores directos en mercado” incluído dentro da sección “Enerxía eléctrica” dentro de “Enerxía”.

No Anexo II da presente Guía, inclúese o “Listado de comercializadores” publicado pola CNE en virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, actualizado a data 14 de maio. Neste listado facilítase un teléfono de atención ao cliente así como o enderezo da páxina web de cada empresa comercializadora. Este listado mantense actualizado na páxina web da CNE: www.cne.es no apartado “Listado de comercializadores”.

5.0

Como se estrutura a factura eléctrica?

A facturación no mercado liberalizado, estea explícito ou non na factura, consta dos seguintes compoñentes:

- 1.- Custo do uso das redes eléctricas (tarifas de acceso).
- 2.- Custo da enerxía.
- 3.- Impostos, alugueiros e outros.

Nos seguintes apartados afóndase en cada un dos custos.

5.1 Prezo do uso das redes eléctricas (tarifas de acceso)

As tarifas de acceso constitúen o cargo polo uso das redes de transporte e distribución, polo que inclúen a peaxe e as cotas con destinos específicos. Ditas tarifas pagaranse ao distribuidor ao que fisicamente se está conectado, ou formarán parte do prezo pactado co comercializador polo que poden estar incluídas dentro do prezo global pactado.

Para todos os subministros de alta e baixa tensión, as tarifas de acceso veñen reguladas no Real decreto 1164/2001, do 26 de decembro. Como xa se comentou con anterioridade, a facturación das tarifas de acceso está regulada, polo que a súa estrutura e prezos fíxos o Goberno do Estado.

A continuación recóllese a estrutura da facturación:

Termo de potencia (Tp): para cada un dos períodos tarifarios contrátase unha potencia. A potencia a facturar dependerá da potencia contratada e da potencia demandada. O termo de potencia corresponderá ao sumatorio que resulte do produto da potencia a facturar polo prezo unitario da potencia de cada período.

Termo de enerxía (Te) activa: corresponde ao sumatorio de multiplicar a enerxía activa consumida en cada período polo termo de enerxía correspondente.

Penalizacións por consumo de enerxía reactiva: cando o consumo de enerxía reactiva supera o 33% do consumo de enerxía activa (factor de potencia inferior a 0,95) facturaranse penalizacións por exceso de consumo de enerxía reactiva. Non se terá en conta o consumo no período 3 para as tarifas 3.0 A e 3.1 A nin o consumo no período 6 para as tarifas 6.

5.1.1 Cales son as tarifas de acceso?

As tarifas de acceso aplicables dependen da tensión de subministración e da potencia contratada. As distintas modalidades de tarifa de acceso recóllense no seguinte cadro:

NOME TARIFA	RANGO POTENCIA	NÚMERO PERÍODOS HORARIOS	NIVEL DE TENSIÓN
TARIFAS DE BAIXA TENSIÓN			
Tarifa 2.0 A	≤ 15 kW	1 ó 2	≤ 1 kV
Tarifa 3.0 A	> 15 kW	3	≤ 1 kV
TARIFAS DE ALTA TENSIÓN			
Tarifa 3.1 A	≤ 450 kW	3	≥ 1 kV e < 36 kV
Tarifa 6.1	> 450 kW	6	≥ 1 kV e < 36 kV
Tarifa 6.2	-	6	≥ 36 kV e $< 72,5$ kV
Tarifa 6.3	-	6	$\geq 72,5$ kV e < 145 kV
Tarifa 6.4	-	6	≥ 145 kV
Tarifa 6.5	-	6	Conexións internacionais

A modo de referencia inclúense os prezos actuais fixados pola Orde ITC/1723/2009, do 26 de xuño, nos seguintes apartados explicírase como se aplican. Debe terse en conta que estes prezos actualízanse periodicamente.

- Tarifa simple para baixa tensión (2.0 A)

TARIFA 2.0 A	Período 1
Tp: €/kW por ano	16,102425
Te: €/kWh	0,051940

TARIFA 2.0 DHA	Punta	Val
Tp: €/kW por ano	16,102425	16,102425
Te: €/kWh	0,077910	0,020776

- Tarifa simple para baixa tensión (2.1 A)

TARIFA 2.1 A	Período 1
Tp: €/kW por ano	24,339701
Te: €/kWh	0,043172

TARIFA 2.1DHA	Punta	Val
Tp: €/kW por ano	24,339701	24,339701
Te: €/kWh	0,056124	0,009930

- Tarifa xeral para baixa tensión (3.0 A)

TARIFA 3.0 A	Período 1	Período 2	Período 3
Tp: €/kW por ano	10,885500	6,531300	4,354200
Te: €/kWh	0,047529	0,033242	0,012907

- Tarifa específica de tres períodos para tensións de 1 a 36 kV.

TARIFA 3.1 A	Período 1	Período 2	Período 3
Tp: €/kW por ano	19,618268	12,098059	2,774223
Te: €/kWh	0,033268	0,029600	0,019761

- Tarifas xerais para alta tensión.

TARIFA 6.1	Período 1	Período 2	Período 3	Período 4	Período 5	Período 6
Tp: €/kW por ano	13,119911	6,565634	4,804953	4,804953	4,804953	2,192330
Te: €/kWh	0,046428	0,038526	0,022084	0,012539	0,008098	0,005577

O resto de tarifas 6 teñen a mesma estrutura de prezos, se ben estes son inferiores á tarifa 6.1.

EXEMPLO: Consumidor PEME no mercado liberalizado que ten contratada a tarifa de acceso 3.0 A, de tres períodos tarifarios de punta, chan e val e un consumo determinado de enerxía reactiva.

DATOS DO CONSUMO		
Potencia contratada	90	kW
Potencia demandada	87	kW
Enerxía consumida	6.400	kWh
Período de punta	1.920	kWh
Período de chan	3.840	kWh
Período de val	640	kWh
Enerxía reactiva consumida (0,85 < cos Ø < 90)	800	kWh

FACTURACION ACCESO Prezos Orde ITC/1723/2009

Concepto	Medición	Custo unitario	Custo (€)
Potencia demandada			
Período de punta	87 (*)	0,907125 kW/mes	78,91
Período de chaira	87 (*)	0,544275 kW/mes	47,35
Período de val	87 (*)	0,36285 kW/mes	31,56
Enerxía consumida			
Período de punta	1.920	0,047529 €/kWh	91,25
Período de chaira	3.840	0,033242 €/kWh	127,65
Período de val	640	0,012907 €/kWh	8,26
Enerxía reactiva consumida (0,85 < cos Ø < 90)	800	0,017018 €/kVAR	13,61
TOTAL NETO			398,59
Imposto especial electricidade	398,59	1,05113 x 4,864 %	20,37
I.V.E.	418,96	16 %	67,03
TOTAL			485,99

(*) A potencia demandada está entre o 85 y el 105 % da contratada.

5.1.2 Cales son os períodos horarios de cada tarifa de acceso?

Os períodos horarios de cada tarifa de acceso foron actualizados pola Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas e son os seguintes.

- Tarifa 2.0 DHA

Consta de dous períodos que comprenden distintos horarios en función de que sexa inverno ou verán:

Inverno		Verán	
Punta	Val	Punta	Val
12-22 h	0-12 e 22-24 h	13-23 h	0-13 e 23-24 h

Os cambios de horario de inverno a verán ou viceversa coincidirán coa data de cambio oficial de hora.

- Tarifa 3.0 A e 3.1.A

Constan de tres períodos horarios, iguais en ambas tarifas. No seguinte cadro recóllese para cada mes do ano que horarios pertencen a cada período (1, 2 ou 3).

Mes/Hora	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24
1	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	1	1	1	2	2
2	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	1	1	1	2	2
3	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	1	1	1	2	2
4	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
5	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
6	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
7	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
8	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
9	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
10	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	1	1	1	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2
11	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	1	1	1	2	2
12	3	3	3	3	3	3	3	3	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	1	1	1	2	2

- Tarifas 6

Constan de seis períodos horarios, iguais en todas as tarifas 6. No seguinte cadro recóllese para cada mes do ano que horarios pertencen a cada período (1, 2,3,4,5 ou 6). Ademais das indicadas no seguinte cadro son horas tipo 6 todas as dos sábados, domingos e festivos nacionais.

Mes/Hora	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24
1	6	6	6	6	6	6	6	6	2	2	1	1	1	2	2	2	2	2	1	1	1	2	2	2
2	6	6	6	6	6	6	6	6	2	2	1	1	1	2	2	2	2	2	1	1	1	2	2	2
3	6	6	6	6	6	6	6	6	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3	3	3	3	3	4	4
4	6	6	6	6	6	6	6	6	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5
5	6	6	6	6	6	6	6	6	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5
6a*	6	6	6	6	6	6	6	6	4	3	3	3	3	3	3	4	4	4	4	4	4	4	4	4
6b*	6	6	6	6	6	6	6	6	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	2	2
7	6	6	6	6	6	6	6	6	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	2	2
8	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6	6
9	6	6	6	6	6	6	6	6	4	3	3	3	3	3	3	4	4	4	4	4	4	4	4	4
10	6	6	6	6	6	6	6	6	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5
11	6	6	6	6	6	6	6	6	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3	3	3	3	3	4	4
12	6	6	6	6	6	6	6	6	2	2	1	1	1	2	2	2	2	2	1	1	1	2	2	2

5.1.3 Que potencia contratar?

Segundo o artigo 9 do Real decreto 1164/2001, o control e medición da potencia contratada farase do seguinte xeito:

- Tarifa 2.OA: instalación do Interruptor de Control de Potencia (ICP) tarado ao amperaxe correspondente á potencia contratada. Na modalidade de dous períodos, o control mediante ICP realizarase para a potencia contratada en período diúrno.
- Tarifas 3.OA e 3.1.A: o control da potencia demandada realizarase mediante a instalación dos correspondentes aparatos de medida (maxímetros) que rexistrarán a potencia cuarto horaria máxima demandada en cada período tarifario de facturación. As potencias contratadas nos diferentes períodos serán tales que a potencia contratada nun período tarifario (P_{n+1}) sexa sempre maior ou igual que a potencia contratada no período tarifario anterior (P_n).
- Tarifas 6: nestas tarifas o control da potencia demandada realizarase por medio das medicións cuarto horarias dos equipos de medida.

Na tarifa 2.O A se a empresa demanda máis potencia eléctrica da contratada o ICP cortará o subministro, por iso recoméndase contratar a potencia máxima imprescindible para o funcionamento da empresa. No resto de tarifas, se a empresa consumidora demanda máis potencia eléctrica da contratada, a empresa distribuidora proporcionaralla ata a capacidade máxima que admitan as instalacións, pero logo cobraralle un recargo se consume máis do 105% da potencia contratada. Como neste caso a empresa pode dispoñer de máis potencia da contratada, de cara a optimizar os custos da factura eléctrica, recoméndase contratar unha potencia en cada período lixeiramente superior (da orde dun 10% se a demanda de potencia é relativamente constante ao longo do ano e do 20% superior se esta varía en maior medida) á media de potencia demandada nese período ao longo do ano. A forma de cálculo da penalización explícase no apartado seguinte.

En calquera dos casos, recoméndase desprazar os consumos de potencia non prioritarios a períodos val e instalar sistemas automáticos de desconexión de cargas para limitar o consumo de potencia eléctrica da empresa e con iso abaratar a factura eléctrica.

5.1.4 Como se calcula o termo de potencia da tarifa de acceso?

O termo de facturación de potencia será o sumatorio resultante de multiplicar a potencia a facturar en cada período tarifario, que se define máis adiante, polo termo de potencia correspondente, segundo a seguinte fórmula:

$$FP = \sum_{i=1}^{i=n} t_{pi} P_{fi}$$

Onde:

Pfi = potencia a facturar no período tarifario i, expresada en kW

t_{pi} = prezo anual do termo de potencia do período tarifario i

Facturarase mensualmente a doceava parte do resultado de aplicar a fórmula anterior.

A determinación da potencia a facturar en cada período tarifario (Pfi) para cada tarifa realizarase da seguinte forma:

- Tarifa 2.0 A: A potencia a facturar será a potencia contratada. Para subministros acollidos a esta tarifa que opten pola modalidade de tarifa de acceso nocturna 2.0 DHA a potencia a facturar será a potencia contratada correspondente ás horas diúrnas.

- Tarifas 3.0 A e 3.1 A: a potencia a facturar en cada período de facturación e cada período tarifario calcularase do xeito que se establece a continuación:

a) Se a potencia máxima demandada, rexistrada no período de facturación, estivese dentro do 85 ao 105 por 100 respecto á contratada, dita potencia rexistrada será a potencia a facturar (Pfi).

b) Se a potencia máxima demandada, rexistrada no período de facturación, fora superior ao 105 por 100 da potencia contratada, a potencia a facturar no período considerado (Pfi), será igual ao valor rexistrado máis o dobre da diferenza entre o valor rexistrado e o valor correspondente ao 105 por 100 da potencia contratada.

c) Se a potencia máxima demandada no período a facturar fora inferior ao 85% da potencia contratada, a potencia a facturar (Pfi) será igual ao 85% da citada potencia contratada.

Potencia contratada	Marxes (+5%, -15%)	Lectura maxímetro	Exceso	Recargo (200 %)	Potencia facturada
100 kW	85 kW	60 kW	-	-	85 kW
		90 kW	-	-	90 kW
	105 kW	130 kW	25 kW	50 kW	180 kW

- Tarifas 6: a potencia a facturar en cada período tarifario será a potencia contratada. No caso de que a potencia demandada supere en calquera período horario a potencia contratada no mesmo, procederase ademais, á facturación mensual de todos e cada un dos excesos rexistrados en cada período, de acordo coa seguinte fórmula:

$$F_{EP} = \sum_{i=1}^{i=6} K_i \times 1,406368 \times A_{ei}$$

Onde:

FEP = Facturación por exceso de potencia (€)

Ki = coeficiente que tomará os seguintes valores dependendo do período tarifario i:

Período	1	2	3	4	5	6
Ki	1	0,5	0,37	0,37	0,37	0,17

A_{ei} = Calculárase de acordo coa seguinte fórmula

$$\sqrt{\sum_{j=1}^{j=n} (P_{dj} - P_{ci})^2}$$

Onde:

P_{dj} = potencia demandada en cada un dos cuartos de hora do período i en que se superara a potencia contratada no período. Expresada en kW.

P_{ci} = potencia contratada no período i no período considerado. Expresada en kW.

5.1.5 Como se calcula o termo de enerxía da tarifa de acceso?

O termo de facturación de enerxía activa será o sumatorio resultante de multiplicar a enerxía consumida e medida polo contador en cada período tarifario polo prezo do termo de enerxía correspondente, segundo a seguinte fórmula:

$$FE = \sum_{i=1}^{i=n} E_i \times t_{ei}$$

Onde:

Ei = enerxía consumida no período tarifario i, expresada en kWh

tei = prezo do termo de enerxía do período tarifario i

O termo de facturación de enerxía activa facturarase mensualmente, incluíndo a enerxía consumida no mes correspondente a cada período tarifario i. Na tarifa simple de baixa tensión, a facturación poderá ser bimestral.

5.1.6 Como se calcula a penalización por consumo de enerxía reactiva e como se pode corrixir?

O termo de facturación por enerxía reactiva será de aplicación a calquera tarifa, para o cal deberase dispoñer do contador de enerxía reactiva permanentemente instalado, agás nos casos da tarifa simple de baixa tensión 2.0 A.

Este termo aplicarase sobre todos os períodos tarifarios, agás o período 3, para as tarifas 3.0 A e 3.1 A, e no período 6, para as tarifas 6, sempre que o consumo de reactiva exceda o 33 por 100 do consumo de activa durante o período de facturación considerado ($\cos \varphi < 0,95$) e unicamente afectará a ditos excesos.

A modo de referencia inclúense os prezos actuais fixados pola Orde ITC/3801/2008, de 26 de decembro, non obstante, debe terse en conta que estes actualízanse periodicamente:

$\cos \varphi$	€/kVarh
$\cos \varphi < 0,95$ e ata $\cos \varphi = 0,90$	0,000013
$\cos \varphi < 0,90$ e ata $\cos \varphi = 0,85$	0,013091
$\cos \varphi < 0,85$ e ata $\cos \varphi = 0,80$	0,026182
$\cos \varphi < 0,80$	0,039274

Cando un consumidor teña un consumo de enerxía reactiva superior a 1,5 veces o de enerxía activa en tres ou máis medicións, a empresa distribuidora que lle subministra deberá comunicarllo ao organismo competente da Comunidade Autónoma, que poderá establecer ao consumidor un prazo para a mellora do seu factor de potencia e, se non se cumprira o prazo establecido, poderá chegar a ordenar a suspensión do dereito ao acceso ás redes en tanto non se mellore a instalación na medida precisa.

A forma de corrixir o exceso de consumo de enerxía reactiva é mediante a instalación dunha batería de condensadores, que compensarán automaticamente o consumo. A instalación destes equipos amortízase economicamente nun prazo de tempo normalmente inferior a 3 anos naquelas empresas nas que as penalizacións por exceso de consumo de enerxía reactiva sexan repetitivas. Ademais, se a compensación se fai próxima aos equipos consumidores no interior da empresa pódense evitar problemas de sobrecargas de condutores e disparos de proteccións dos equipos.

5.2 Prezo da enerxía

Se se compra a enerxía a un comercializador, deberase pactar con el dito prezo, para o que é conveniente pedir previamente ofertas a distintos comercializadores. As modalidades de contratación que ofertan as comercializadoras de xeito máis habitual son as seguintes:

- **Modalidade a prezo fixo:** aplícase un prezo fixo ao kWh consumido independentemente do horario de consumo, e engádense habitualmente complementos de bonificación/recargo en función do volume e distribución do consumo. Non debe esquecerse, que ese prezo fixo vai depender da distribución de consumo da empresa, polo que esta sempre debe de intentar desprazar o máximo consumo a horas val para reducir o prezo medio da electricidade.
- **Modalidade prezo por períodos:** aplícase ao termo de enerxía un prezo fixo por cada período horario, normalmente respectando os períodos que define a tarifa de acceso que se concretan no apartado anterior. Non obstante os períodos horarios e prezos pódense pactar libremente entre consumidor e empresa comercializadora.
- **Modalidade desconto sobre tarifa de último recurso:** esta modalidade calcúlase e factúrase tomando como referencia a tarifa de último recurso e establecendo unha porcentaxe de desconto respecto a ela.

Se se opta por acceder directamente ao mercado organizado (POOL) deberanse efectuar ofertas horarias de adquisición e pagar o prezo resultante de tres compoñentes (prezo marxinal da enerxía casada, servizos complementarios e garantía de potencia). O volume de enerxía adquirida deberá incluír as perdas na rede imputables ao subministro.

5.3 Outros conceptos

A empresa comercializadora pode ofrecer outros servizos como o aluguer de contadores, asesoramento en eficiencia enerxética, xestión de ampliacións de potencia, ..., que facturará adicionalmente aos dos termos anteriores.

A facturación da enerxía, está gravada secuencialmente cos seguintes impostos:

- O imposto especial sobre o consumo de electricidade, co tipo do 5'113% ($1,05113 \times 4,864\%$) aplicable unicamente ao termo de acceso e ao termo de enerxía. Non será aplicable ao aluguer dos contadores e demais servizos ofrecidos pola empresa.
- O imposto xeral sobre o valor engadido: IVE, co tipo do 16%, unha vez repercutido o imposto sobre o consumo de electricidade.

6.0

A calidade do servizo

O Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, establece tres apartados para a medida da calidade: continuidade do subministro (medida do número e duración das interrupcións), calidade da onda (segundo UNE-EN 50160) e atención ao cliente.

De acordo co Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, polo que se modifican os límites de calidade establecidos nos artigos 104.2 e 106.3 do Real decreto 1955/2000, a continuidade do subministro (medida do número e duración das interrupcións) clasifícase en individual e zonal.

a) Calidade individual

En canto á calidade individual do subministro, o distribuidor estará obrigado a que o tempo e número de interrupcións previstas maiores de tres minutos de cada ano natural, non supere os seguintes valores:

Zona	Media tensión (de 1 a 36 kV):		Baixa tensión (menor o igual a 1 kV):	
	Núm. de horas	Num. de interrupcións	Num. de horas	Num. de interrupcións
Urbana	3,5	7	5	10
Semi-urbana	7	11	9	13
Rural concentrada	11	14	14	16
Rural dispersa	15	19	19	22

Urbana: conxunto de concellos dunha provincia con máis de 20.000 subministros, incluíndo capitais de provincia, aínda que non cheguen á cifra anterior.

Semi-urbana: conxunto de concellos dunha provincia cun número de subministros comprendidos entre 2.000 e 20.000, excluindo capitais de provincia.

Rural concentrada: conxunto de concellos dunha provincia cun número de subministros comprendidas entre 200 e 2.000.

Rural dispersa: conxunto de concellos dunha provincia con menos de 200 subministros.

Ademais, os límites máximos de variación da tensión de alimentación aos consumidores finais serán +/- 7% da tensión de alimentación declarada.

Para a medida de ditos parámetros, o distribuidor deberá dispoñer dun sistema de rexistro de incidencias, que lle permita determinar a calidade do subministro das súas redes con cada un dos consumidores conectados a elas.

As empresas distribuidoras poderán pactar cos consumidores ou cos comercializadores que os representen, o establecemento dunha calidade especial, superior á fixada no Real decreto 1955/2000.

b) Calidade zonal.

Cada distribuidor estará obrigado a manter os niveis de calidade asignados a aquelas zonas onde desenvolva a súa actividade. Non obstante, pode declarar á Administración a existencia de zonas onde teña dificultade temporal para o mantemento da calidade esixible, presentando á súa vez un programa de actuación temporal que permita a corrección das causas que o orixinen.

Durante a execución destes plans (prazo máximo dous anos), non se aplicarán as consecuencias do incumprimento da calidade ás zonas incluídas no ámbito territorial de ditos plans.

A medida da calidade zonal efectuarase sobre a base do TIEPI, o percentil 80 do TIEPI e do NIEPI. Se se teñen en conta unicamente as interrupcións imprevistas, os límites dos valores do TIEPI, o percentil 80 do TIEPI e o NIEPI, durante cada ano natural son os seguintes (Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro):

	TIEPI (horas)	Percentil 80 do TIEPI (horas)	NIEPI (horas)
Zona urbana	1,5	2,5	3
Zona semiurbana	3,5	5	5
Zona rural concentrada	6	10	8
Zona rural dispersa	9	15	12

Ningún concello deberá superar o valor do percentil 80 do TIEPI durante máis de 2 anos consecutivos.

6.1. Variará a calidade do servizo se se cambia de comercializadora?

Se un consumidor opta por cambiar de empresa comercializadora a calidade do subministro (nos seus aspectos técnicos: continuidade, calidade da onda de tensión), non ten que verse afectada sexa cal sexa a comercializadora coa que contrate, xa que o distribuidor físico da enerxía seguirá sendo o mesmo.

Se un consumidor contrata o seu subministro a través dun comercializador ou ben mediante un contrato bilateral cun produtor, ditos suxeitos serán os interlocutores, para o asunto da calidade do subministro.

No caso de que o consumidor acuda directamente a comprar a súa enerxía no mercado, o seu interlocutor para calquera asunto ou reclamación relacionado coa calidade do subministro será a empresa distribuidora á que estea conectado.

Independentemente do anterior un consumidor pode pactar a contratación dunha calidade de subministro superior aos mínimos legais establecidos sempre e cando algún comercializador lle ofrezca este servizo.

6.2. Consecuencias do incumprimento da calidade de servizo (individual)

Dende o 1 de xaneiro de 2003, o incumprimento dos valores indicados anteriormente, obriga ao distribuidor a aplicar descontos na facturación aos consumidores.

7.0

Equipos de medida para compra de enerxía no mercado

A norma básica relativa á medida da enerxía é o Real decreto 1110/1997, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de Puntos de Medida do sistema eléctrico.

Os puntos de medida dos consumidores clasifícanse en tipo 1 (aqueles que teñen unha potencia contratada igual ou superior a 10 MW ou que a enerxía anual intercambiada coa rede sexa igual ou superior a 5 GWh), tipo 2 (potencia contratada igual ou superior a 450 kW ou que a enerxía anual intercambiada coa rede sexa igual ou superior a 750 MWh, tipo 3 (potencia contratada superior a 50 kW), tipo 4 (potencia contratada superior a 15 kW) e tipo 5 (para potencias contratadas inferiores a 15 kW).

Tipo de punto de medida	Clase de contadores	
	Activa	Reactiva
Tipo 1: $P \geq 10$ MW	$\leq 0,2$ S	$\leq 0,5$
Tipo 2: $450 \text{ kW} \leq P < 10$ MW	$\leq C$	≤ 1
Tipo 3: $50 \text{ kW} < P < 450 \text{ kW}$	$\leq B$	≤ 2
Tipo 4: $15 \text{ kW} < P \leq 50 \text{ kW}$	$\leq B$	≤ 2
Tipo 5: $P < 15 \text{ kW}$	$\leq A$	≤ 3

Todos os consumidores deben dispoñer de equipos de medida horarios, é dicir, que permitan discriminar o consumo realizado hora a hora durante todo o ano. Neste senso, existe un Plan de Substitución de Contadores regulado na Disposición Adicional vixésimo segunda do Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica a partir do 1 de xaneiro de 2007.

8.0

Solución de problemas relacionados co subministro eléctrico

Se a un consumidor lle xorde un problema relacionado co seu subministro eléctrico, debe acudir á súa empresa subministradora / comercializadora.

No caso de que a súa resposta non se produza en termos satisfactorios, o consumidor pode dirixirse, en función do asunto a tratar, aos seguintes organismos:

1. Se se trata dunha cuestión relacionada coa xestión do contrato de subministro, tarifas eléctricas, tarifas de acceso aplicadas, acometidas, ou a calidade do servizo proporcionado, etc. pode dirixirse á **Delegación da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia en cada provincia**.

Exemplo: se un consumidor non está de acordo coas esixencias da compañía distribuidora para proporcionarlle o subministro á nova industria que pretende instalar, ou se a tensión de subministro presenta oscilacións que lle ocasionan problemas no seu proceso produtivo, ou se considera que a tarifa de acceso non se está aplicando correctamente, etc. pode dirixirse á Delegación da Consellería de Economía e Industria da súa provincia.

2. Se se trata dunha cuestión formulada sobre as condicións de acceso ás redes eléctricas, ou relacionada coa xestión técnica do sistema (responsabilidade do Operador do Sistema), ou coa xestión económica do sistema (responsabilidade do Operador do Mercado), pode dirixirse á **Comisión Nacional de Enerxía**, competente na resolución de conflitos que se formulen nestes ámbitos.

Exemplo: se un distribuidor non permite o acceso á rede a un consumidor, este pode formular un conflito ante a CNE.

3. Se lle xorden problemas á hora de cambiar de subministrador pode dirixirse á **Oficina de Cambios de Subministrador**.

Organismos onde ampliar información

Se desexa coñecer as características do subministro actual, pode dirixirse á súa empresa comercializadora.

Se desexa coñecer, con certo detalle, como funciona o mercado e os seus axentes autorizados, pode dirixirse ao Operador do Mercado Ibérico de Enerxía. Polo Español, S.A.

Teléfono	91-6598900
Fax	91-6504542
Web	http://www.omel.com/
Enderezo	Alfonso XI, 6-4ª 28014 - Madrid

Se desexa coñecer as alternativas a ser subministrado no mercado pode dirixirse aos **comercializadores autorizados**, ou no seu caso, aos **produtores e axentes externos autorizados como axentes do mercado**.

Estas empresas atópanse inscritas nos correspondentes rexistros oficiais dispoñibles en: **www.mityc.es**

Se desexa obter información xeral sobre a regulación e funcionamento do sistema eléctrico, pode dirixirse ao **Instituto Enerxético de Galicia**.

Área	Planificación enerxética
Teléfono	981 54 15 00
Fax	981 54 15 25
E-mail	info@inega.es
Enderezo	Rúa Avelino Pousa Antelo, 5 15703 - Santiago de Compostela

ou ben á **Comisión Nacional de Energía:**

Departamento	Dirección de Relaciones Externas
Teléfono	91-4329628 / Centralíña CNE: 91 432 96 00
Fax	91-5776218
Web	http://www.cne.es
e-mail	dre@cne.es
Dirección	C/ Alcalá, 47 28014 Madrid

Anexo I

Lexislación relacionada coa liberalización do sector eléctrico

Lei 17/2007, de 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

